Vivir Hoxe | GALICIA | AULAS | SOCIEDADE | vivir@galicia-hoxe.com

ECOLOXÍA Galicia xera 150.000 toneladas de refugallo perigoso cada ano, sobre todo aceites usados ■ En conxunto a industria do país produce 5 millóns de toneladas de lixo

ENTRE RESIDUOS



A mina de lignito de As Pontes, unha das maiores fontes de contaminación ambiental da comunidade, que pechará o ano que vén

A CORUÑA, POLAS MINAS DE CARBÓN, E OURENSE, POLAS DE LOUSA, CREAN O 90% DA POLUCIÓN

D. Domínguez · Santiago

A industria galega xera cada ano unhas 150.000 toneladas de residuos perigosos. Os datos da Consellería de Medio Ambiente indican que un de cada catro quilos pertence a algún tipo de aceite empregado na industria, substancia que supera as 38.000 toneladas, seguidas dos residuos que conteñen hidrocarburos (23.409) e os sólidos procedentes do tratamento de gases (12.871). Os tres constitúen os máis perigosos de cantos xera a industria da comunidade.

Con todo, este material de risco apenas constitúe pouco máis do 3% de todo o lixo derivado da actividade industrial, que cada ano xera un problema de xestión ambiental ó producir cinco millóns de toneladas de residuos. A súa distribución incide sobre algúns dos problemas da economía e o medio ambiente galegos, pois dúas provincias son responsables do 90% destes materiais: A Coruña e Ourense.

No primeiro caso, a responsabilidade é das empresas dedicadas á extracción de lignito das minas das Pontes e Meirama, que teñen previsto pechar a finais deste ano logo de tres décadas de extracción continuada.

O lignito pardo obtido do chan galego presenta unha composición máis contaminante que a hulla de importación e supuña un escollo insalvable para achegarse ós compromisos do Protocolo de Kioto. Por iso, as térmicas de Endesa (As Pontes) e Fenosa (Meirama) empregarán o combustible foráneo a partir de 2008.

No caso ourensán, é o sector de extracción de laxa e lousa a que xera a maior parte dos residuos industriais da provincia. A comarca de Valdeorras concentra a maior parte da industria relacionada co sector.

En Pontevedra, de acordo con Medio Ambiente, teñen maior peso na xeración de residuos o sector de extracción de granito, o de transformación da madeira e a produción de papel, con Ence á cabeza, así como a automoción, con Vigo como centro neurálxico e PSA-Citröen como principal motor. Curiosamente, pese a ser a provincia máis industrializada de Galicia, só e a terceira que máis residuos xera.

Lugo, un menor volume dominado polo aluminio

Lugo ofrece un comportamento peculiar. Aínda que é a que xera menor variedade de residuos industriais, lidera a produción de restos no sector da produción de aluminio, a través, sobre todo, das factorías na zona da Mariña, como Alcoa ou Alumin, onde boa parte dos refugallos son tóxicos e perigosos para a saúde.

De feito, este metal, coas súas varias transformacións, supera as 20.000 toneladas anuais de residuos, ós que poderiamos sumar as máis de 13.100 do aceiro, o que evidencia o peso do metal na produción de lixo industrial na comunidade. ●

DATOS

Cinco veces máis lixo que a xente

Os residuos fabrís teñen un incremento do 10% anual, pois as empresas galegas xeraron en 2004 4,3 millóns de toneladas, polas cinco de 2005. Esta cifra total quintuplica o volume de residuos sólidos urbanos xerados polos cidadáns galegos, que fai dous anos rozaron os 1,1 millóns de toneladas, de acordo cos datos de que dispón a Consellería de Medio Ambiente.

A maior parte dos residuos industriais non son perigosos, aínda que si molestos. Máis de 1,2 millóns de toneladas de cinzas voantes de carbón chegan á atmosfera galega.

A recollida, transporte e tratamento desta clase de residuos está regulada desde este ano e en cada un dos pasos realízase un control legal do destino dos mesmos para evitar verteduras incontroladas.

DATOS

A terceira no Estado español

As comunidades autónomas de Andalucía e Cataluña lideran a clasificación das que máis residuos industriais xeran, por diante de Galicia. No extremo oposto da lista, atópanse as autonomías da Rioxa, Canarias e Baleares. Unha terra de forte pasado industrial, como o País Vasco, aparece situada nos postos medios en canto a produción de refugallos.

Porén, en Galicia detectáronse máis residuos nos últimos tempos grazas a un estudo elaborado polo grupo Toysal, que insistía na mellora dos sistemas de xestión de restos industriais en Galicia, o que permitiu contabilizar o refugallo que anteriormente non se rexistraba e, polo tanto, non se trataba correctamente. Isto pode ser malo para as estatísticas de contaminación, pero permítelle á comunidade combater máis eficazmente a produción incontrolada de residuos.

Carencia de Puntos Limpos

Os cidadáns xeran tamén residuos perigosos que deben ser depositados nos puntos limpos asignados a cada zona. Medio Ambiente, con todo, ten dous problemas neste terreo. O primeiro é que 27 dos 100 puntos con que conta a comunidade non funcionan, o que complica a xestión de aceites, ordenadores, baterías de teléfonos e demais substancais perniciosas para o medio. Un total de 88 destas instalacións dependen da Administración autonómica; outras 22 dos concellos; 5 atópanse en fase de construción; e outros 8, pendentes de contratación.

O segundo escollo refírese a pouca información con que moitos cidadáns contan cando deben desfacerse destes restos. Evitar que os depositen en lugares inapropiados constitúe un reto para administración, e ata o de agora non se acadou.